

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruiz, María Isabel  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lantarón Caeiro, Eva  
Lesmes Romero, Yolanda  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Miguez Tabarés, José Luis  
Pozo Triviño, María Isabel del  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rivo López, Elena  
Rubio Armesto, Belén  
Valderrama Santomé, Mónica  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cruz González, María Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
García Cutrín, Fco. Javier  
García Fontán, María Soledad  
Pardo Froján, Juan Enrique  
Peña Gallego, María de los Ángeles  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Río Otero, Coral del  
Rodríguez Domínguez M<sup>a</sup> del Mar  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

### PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Arévalo Tome, Raquel  
Durán Barbosa, Rafael  
López Ardao Jose Carlos  
López Mira Álvaro Xosé  
Montero Reguera, José Francisco  
Paz Penín, María Concepción  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rúas Araújo, José  
Ruiz Hidalgo, M<sup>a</sup> del Carmen  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

### ESTUDANTES

Davila Segade, Ruth  
Diz Folgar, Manuel  
Lima González, Estela

### PAS

González Penín, Ana Isabel

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Barreiro Rguez.-Moldes, Covadonga  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Michinel Álvarez, Humberto Javier  
Mollinedo Lois, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 29 de novembro de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 29 de novembro de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

#### 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 31 de outubro de 2022.

Ante a ausencia de observacións formuladas en tempo e forma, o reitor propón que a acta se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

#### 2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Os resultados de recursos humanos e económicos do proceso de funcionarización.
- A tramitación do actual concurso de traslados.
- Acto de agradecemento a Stellantis pola súa colaboración coa Universidade.
- Presentación do Campus Auga para a súa acreditación.
- Coloquio en Santiago coa Ministra de Ciencia e Innovación.
- Acto organizado polas Universidades do SUG en Vigo, sobre I+D.
- Homenaxe ao profesor Rifón na Facultade de Filoloxía e Tradución.
- Convenio UVigo-Gradient.

- Asinado o MoU no INL de Braga para a creación do Agro Food Tec Lab.
- Remataron os traballos da comisión de convivencia, do Claustro, para elaboración de normativas.
- Éxito do grupo UVigo Space Lab (programa Bixo).
- Eleccións nos decanatos de CC. Xurídicas e do Traballo e de Dirección e Xestión Pública.
- Prof. Gonzalo Navaza ingresa na RAG.
- Xoves empregables.
- Congreso estatal de Ciencias da Educación (CESED).
- UNISF. Xornada de debate institucional en Braga.
- Traballos en prol do selo HRS4R.
- Competición de debate estudantil celebrada en Vigo.
- Medallistas da UVigo en campionatos deportivos nacionais.
- Novo estudo de inserción laboral.
- Convenio XUGA – UVigo para o fomento da I+D (máis de 6 millóns de euros para investigación).
- Xuntanza co reitor da UNAD de Colombia cara a un recoñecemento mutuo de títulos.
- Xornadas de automatización industrial JAI 2022.
- Xornada sobre o papel das mulleres no audiovisual galego.
- Dous Highly Cited Researches na UVigo (Jesús Simal e Jian Bo).
- As xornadas EUNIS 2023 se celebrarán en Vigo.
- Celebrados os premios .gal en Vigo, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, sendo premiado un membro da nosa Universidade (ESEI Ourense).
- Espazos para coworking dispoñibles en Redeiras e no INCUVI.
- Actividades de captación de alumnado internacional en Iberoamérica.
- Xornadas sobre oportunidades de financiamento europeo.
- Congreso español sobre integridade académica en A Coruña.
- Visita do reitor da Universidade de Sfax de Túnez.
- Presentarase en breve o metaverso da UVigo.
- Sinatura do novo protocolo coa Deputación de Pontevedra (investimento de 350.000 euros).

Conclúe o informe do reitor ás 10:23.

### **3. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2022.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, que expón o punto.

Presupostos da OEP 2022:

- Número máximo de prazas dispoñibles:  $64 * 120\% = 77$  prazas
- 20 (7 XF, 13 XV)
- 1 excedencia voluntaria por servizo activo noutro corpo ou escala
- 20 pasos de CD a TU en 2021
- 23 pasos de TU a CU en 2021

Prazas previstas na OEP 2022 (aprobada na Mesa de negociación do 20/09/2022):

- Categoría: Profesorado titular de universidade. Prazas: 52 (12 das correspondentes á reserva das 15 do persoal investigador doutor que obtiveran o certificado R3 de conformidade co artigo 22.3 da Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ou superaran unha avaliación equivalente do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora [I3]).
- Categoría: Profesorado contratado doutor. Prazas: 25.
- Quenda de promoción interna: Catedráticos/as de Universidade. Prazas: 40.

Autorización da Consellería de Facenda e Administración Pública. De acordo con:

- Previa solicitude da Universidade de Vigo.
- Segundo a normativa básica, a Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022.
- Con base no artigo 36 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022.
- No exercicio das competencias atribuídas no artigo 21 do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, autorízase á Universidade de Vigo a ofertar 25 prazas de profesorado contratado doutor e 52 prazas de profesorado titular de universidade, así como 40 prazas de catedrático/a de universidade.

A continuación, se expón un cadro coa evolución das OEP de PDI desde o ano 2016.

Sobre a OEP 2021, están pendentes de convocar as seguintes prazas:

- Catedrático/a universidade (CU): 24
- Titular de universidade (TU): 4
- Titular de universidade (15% PI): 5

Estado das bolsas (29/11/2022):

- CU: 46 acreditacións
- TU: 37 acreditacións
- 32 acreditados/as.
- 3 acreditados/as do persoal investigador doutor que finalizase o programa Ramón y Cajal ou outros programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e dispoña da certificación I3 (data final contrato en 2023).
- 2 acreditados/as do persoal investigador doutor que finalizase o programa Ramón y Cajal ou outros programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e coa certificación I3 en trámite (data final contrato en 2023).
- Convocatoria da incentivación da consolidación investigadora 2022.
- CD: 66 acreditacións
- 12 contratados/as doutores interinos.
- 54 acreditacións (promoción de profesorado axudante doutor acreditado a contratado doutore interino).

Coral del Río alédase de que a Xunta concedera todo o solicitado, pero lle preocupa o desequilibrio na carga docente dentro dos grandes ámbitos da Universidade (p.e. entre o xurídico-social e o científico) e pensa que ten que ver coa asignación de prazas, polo que reclama medidas compensatorias ao respecto, tendentes a evitar desigualdades. Avanza que este tema debe ser tratado de cara ao futuro. O reitor agradece a intervención e comunica que estanse a estudar fórmulas para captar figuras de tipo Ramón y Cajal en distintos ámbitos, para reequilibrar os ámbitos. Terá en conta esta intervención e agradece o voto positivo anunciado por Coral del Río.

Apróbase por asentimento a OEP de PDI 2022.

**4. Aprobación, se procede, da adhesión á Rede ANEXXI de universidades, organismos públicos de investigación e outras organizacións científicas e académicas, para realizar traballos científicos e técnicos que conduzan á elaboración e publicación do “Atlas Nacional de España del siglo XXI”.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña esta cuestión, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica. Trátase dunha petición de Rafael Vallejo, que forma parte do equipo de investigación, do que forman parte diversas universidades e organismos.

María José Ríos Santomé pregunta polo informe da Asesoría Xurídica e a participación do PAS neste proxecto. O secretario xeral comenta que se trata do paso previo para a sinatura futura dun convenio e que terá que pasar por Control Interno, sendo entón cando se verán estas cuestións. O reitor subliña que se estará pendente da sinatura do convenio.

Apróbase por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, do Manual de calidade dos centros da Universidade de Vigo**

O reitor cede a palabra ao director da Área de Calidade, para que expoña o punto.

Joaquín Collazo sinala que a proposta conta co asentimento da Comisión de Calidade da Universidade e que consiste, basicamente, en separar a parte do manual que ten un contido basicamente institucional, xestionada pola Área de Calidade, da correspondente aos centros e que serve de modelo para os seus propios manuais de calidade. Isto garante que as necesarias actualizacións do documento non implicarán a modificación dos manuais dos centros.

Apróbase a proposta por asentimento.

**6. Nomeamento dun membro do PAS da Comisión de seguimento e avaliación do Plan de aforro enerxético**

O reitor agradece á comunidade universitaria os esforzos neste eido e sinala que a persoa proposta para a súa designación é Carlos Mollinedo Lois.

Resulta nomeada a persoa proposta.

**7. Eleccións para cubrir a seguinte vacante na Comisión de investigación, delegada do Consello de Goberno: 1 estudante.**

O reitor sinala que non se presentaron candidaturas, polo que non procede a elección.

**8. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de dirección da Eido:**

- 1 PAS
- 1 estudante do ámbito do Campus do Mar.

O reitor sinala que non se presentaron candidaturas, polo que non procede a elección.

**9. Quenda de intervencións.**

O reitor abre a quenda de intervencións. María José Ríos Santomé pregunta pola suba salarial aprobada para este ano, en particular, se vai ser este ano ou o que ven. Pregunta tamén pola OEP do PAS. Finalmente pregunta pola reunión do reitor co PAS interino. Sobre isto último, Yolanda Lesmes comenta que lle foron explicados os acordos acadados co comité de empresa ás persoas interesadas, así como as previsións sobre o desenvolvemento do proceso. Tratouse dunha xuntanza informativa. En canto á suba salarial, estase a esgotar, no marco do novo aplicativo informático, que está a dar diversos problemas, o que podería supoñer un adiamento do pago, que podería non ser en decembro, como sucede coa Universidade da Coruña. Comenta que non existe masa crítica de postos para una OPE de PAS este ano, e quedarán para a do ano que ven. María José Ríos solicita que debería convocarse á comisión de emprego e informar sobre este asunto.

Consuelo Pérez Vázquez comenta sobre un correo recibido sobre as enquisas de avaliación docente, onde se indicaba que se requiría a participación nun proxecto piloto, e polo tanto, os informes emitidos deberían recoller que son froito da participación neste proxecto piloto. Comenta certas incidencias negativas sobre o procedemento a seguir, así como sobre o tratamento das enquisas (en concreto, a porcentaxe delas que serán consideradas en relación co punto 3 das Especificacións relativas o tratamento e presentación de resultados das Enquisas de Avaliación Docente (EAD)). Pensa que estes erros son fáciles de corrixir. Alfonso Lago da resposta a diferentes cuestións, partindo de que este ano se adelantaron as enquisas. Entende que á mesa de negociación levarase o documento sobre procedemento onde se poderán tratar distintas cuestións. Consuelo Pérez



insiste nalgunha cuestión, relativa aos medios do alumnado para facer a enquisa, que entende que non están garantidos. Alfonso Lago comenta que cada alumno poderá empregar o seu propio dispositivo. Joaquín Collazo explica que as enquisas xa se fixeron en liña os dous últimos cursos, e atendeuse a peticións do profesorado de adiantalas, para fomentar nas aulas a participación, do mesmo xeito que se fai noutras universidades. Describe como é o procedemento previsto, de cara aos avisos ao profesorado. Consuelo Pérez pregunta se a enquisa se pecha automaticamente, unha vez feita polo alumnado na aula, ou se segue aberta e a problemática sobre as enquisas nas clases prácticas. Joaquín Collazo comenta como se asigna a cada docente. Manuel Diz Folgar entende que as enquisas deberían estar abertas ata que remate o cuadrimestre e que deberían poder modificarse ata o final da docencia. O reitor comenta que quedan anotadas as cuestións de cara á futura proposta.

Carmen Ruiz Hidalgo pregunta pola normativa pendente de aprobación no Claustro en relación coa matrícula en fin de carreira do alumnado e cantidade de convocatorias que deben transcorrer. O reitor comenta que se falará ao respecto co Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:07 h. do día 29 de novembro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral